

University College Cork Conference

## ***Linguistic Diversity: Celebrating Difference***

April 12<sup>th</sup> & 13<sup>th</sup> 2019



Centro Irlandés de Estudos Galegos  
Irish Centre for Galician Studies  
Ionad Staidéar Gailiseach na hÉireann



MA IN  
APPLIED  
LINGUISTICS

University College Cork



Department of Spanish,  
Portuguese and Latin  
American Studies



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

### PETICIÓN DE CONTRIBUCIÓN

#### 1. DESCRICIÓN

Cada lingua ten un valor en sí mesma que trascende unha mera colección de palabras intercambiáveis dun código a outro. Cada idioma ten unha forma particular de analizar e reflectir a realidade, de moldeala no pensamento. Este é o precepto básico do que se coñece como relativismo lingüístico e, de acordo con isto, cantos menos idiomas se falen, peor será a nosa visión do mundo como especie. Deixando atrás as primeiras etapas deste enfoque, como a hipótese de Sapir-Whorf, o principio de Boas-Jakobson suxire que os diferentes idiomas inflúen na mente dos seus falantes, non obstante, isto non se debe ao que cada idioma permita pensar, senón aos patróns de información nos que cada idioma nos obriga a pensar. Ademais, segundo Guy Deutscher (2010), os hábitos de fala, que se imprimen desde unha idade temperá, poden crear hábitos mentais que teñen consecuencias de gran alcance máis aló da fala, xa que afectan as habilidades de orientación e mesmo os patróns de memoria.

Co fin de discutir a relevancia cognitiva da linguaxe, a dicotomía da diversidade lingüística fronte aos idiomas globais e as estratexias sociais para facer fronte a diferentes situacións, a nosa conferencia ten como obxectivo explorar as seguintes áreas:

- Lingüística estrutural

Análise de aspectos específicos da gramática (fonética, morfoloxía, sintaxe, lexicoloxía, etc.) e da pragmática (actos de fala, xéneros e actos discursivos) dun idioma que o fan único na súa forma de interpretar a realidade en contraste con outras linguas.

Outra área potencial serían as análises da forza homoxeneizadora exercida sobre os idiomas minoritarios (é dicir, estudos que revelen como as características particulares dun idioma B se neutralizan pola presenza da lingua A).

- Tradución

Contribucións que reflictan aspectos específicos das linguas de orixe que presentan dificultades para traducir aos idiomas de destino e viceversa.

Estudos que aborden os desafíos de traducir idiomas minoritarios a idiomas de masas e / ou viceversa.

Estudos que analicen os procesos de auto-tradución dado que o/a autor/a ten unha posición privilexiada para negociar os contidos que poderían estar invisibilizados ou sobrerrepresentados no texto orixinal debido a limitacións lingüísticas e como este/a crea unha nova versión a través doutro idioma.

- Sociolingüística e planificación das linguas

Contribucións que se ocupen de conflitos lingüísticos, diglosia, cambio de código e desgaste do idioma.

Estudos que exploren as políticas e a planificación das linguas, o mantemento do idioma e o cambio de lingua.

Dado que o obxectivo principal do simposio é mostrar e promover a diversidade lingüística, todos os idiomas son benvidos no evento. Non obstante, priorizaranse as propostas que traten sobre linguas minoritarias e minorizadas en todo o mundo, co fin de proporcionar visibilidade e explorar os fenómenos de asimilación lingüística e cultural dentro dun contexto de globalización.

As exposicións terán unha duración de 20 minutos e poderán realizarse na lingua que se desexe, mais pedimos que se envíe o discurso traducido ao inglés para ofrecelo paralelamente durante a sesión.

Os seguintes oradores e oradoras principais xa están confirmados:

—Dr. Ciarán Dawson (University College Cork)

—Dra. Iraide Ibarretxe Antuñano (Universidad de Zaragoza)

—Evaristo Oko Kongwe, coautor de *Gramática moderna de la lengua ndowé*.

—Dra. Teresa Moure (Universidade de Santiago de Compostela)

## 2. REXISTRO

Para participar na conferencia é preciso completar o seguinte formulario e envíalo ao enderezo de correo electrónico [linguistic.diversity.ucc.2019@gmail.com](mailto:linguistic.diversity.ucc.2019@gmail.com). O prazo para enviar propostas remata o venres 1 de febreiro de 2019.

Antes do 15 de febreiro todas as persoas que se presentasen recibirán un email confirmando se a súa proposta foi aceptada.

Terán até o 1 de marzo para completar o rexistro aboando a taxa de conferencia (60 euros ou 40 o estudantado) na seguinte ligazón [Linguistic Diversity Conference UCC Web Site](#)

Toda persoa con desconto deberá anexar un certificado de estudante ao seu formulario de inscrición.

Nome			
Correo electrónico			
Organización			
Estudiante	Si		Non
País			
Presenta relatorio	Si		Non
Título			
Resumo (100 palabras)			